



EMENDA Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE “A ACTIVACIÓN DO ERTMS QUE, CATRO ANOS DESPOIS DO ACCIDENTE DE ANGROIS, NON ESTÁ OPERATIVO”.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA Á PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE “A ACTIVACIÓN DO ERTMS QUE, CATRO ANOS DESPOIS DO ACCIDENTE DE ANGROIS, NON ESTÁ OPERATIVO”**, de data 6 de xullo de 2017.

Propонse unha nova redacción do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

O Concello de Santiago de Compostela esíxelles a Fomento, ADIF e Renfe que se executen os compromisos adquiridos para mellorar a seguranza ferroviaria e se rematen os traballos para a activación do sistema ERTMS que, catro anos despois do accidente de Angrois, segue sen estar operativo.

O Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu apoio e a súa solidariedade con todas as vítimas do accidente do tren Alvia acontecido o 24 de xullo de 2013 e avoga pola máxima axilidade nas investigacións e polo total esclarecemento dos feitos, coa determinación das responsabilidades e das reparacións que correspondan en relación coas causas e consecuencias do fatal accidente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

Asdo.: Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela